

Resolución do 21 de agosto de 2018, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Enxeñeiro de Montes, perfil “Xestión de Actuacións”, pola que se aproba e se fai pública a lista provisional de contratación, se propón ó Director Xerente a lista de contratación, se crea a lista de agarda, e se abre o período de reclamacións.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Enxeñeiro de Montes, perfil “Xestión de Actuacións”, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de contratación.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 que rexen o proceso, acordou aprobar a lista provisional de contratación de candidatos por duplicado exemplar, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., apelidos e nome, e puntuación, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I, apelidos e nome, e puntuación.

Segundo.- Facer pública a lista provisional de contratación.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 das que rexen o proceso, acordou facer pública a lista provisional de contratación de candidatos, por duplicado exemplar, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., apelidos e nome, e puntuación, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I, apelidos e nome, e puntuación.

Terceiro.- Lista de contratación.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 das que rexen o proceso, proponse ó Director-Xerente a lista de contratación.

Cuarto.- Lista de agarda.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.3 e nas bases específicas II apartado 4, das que rexen o proceso, os candidatos que, superado o proceso selectivo, non fosen contratados, pasarán a formar parte da lista de agarda que se configura cos candidatos non contratados.

Quinto.- Reclamacións.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.6 e nas bases específicas II apartado 2.8 das que rexen o proceso, os candidatos disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para efectuar reclamacións ante o Director-Xerente de SEAGA.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aprobe e se faga pública a relación de candidatos e a lista de contratación.

De non haber reclamacións, a relación de candidatos e a lista de contratación enténdense aprobadas definitivamente.

O prazo de presentación de reclamacións remata o 28 de agosto de 2018, as reclamacións so poderán ser presentadas de luns a venres en horario de 9:00h a 14:00h nas oficinas de rexistro de SEAGA, sita en:

- Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña.
- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lg. Cabanas - Salcedo, nº 54, 36143, Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

As reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases consideraranse, a tódolos efectos, como fóra de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, a 21 de agosto de 2018.

O Presidente da Comisión de Selección

Asdo.- Martín Martínez Abal.

